


Pesadelo de nós

Teatro Paseo narrativo de Raúl Dans polo soño como espazo creativo

Nachtmahr ·
Raúl Dans ·
Xerais, 2008 ·
88 páx · 12,50 euros



Trátase do texto máis escénico de Raúl Dans, segundo di a contracapa do libro editado por Xerais, e seguramente é verdade. Con ese título que remite a unha palabra antiga do alemán, *Nachtmahr*, “pesadelo”, Dans introdúcenos nun mundo que, como a palabra no alemán contemporáneo, fica fóra dos circuitos habituais. Todo é onírico neste texto en que as referencias se entrecruzan conducindo o lector por unha obra estranamente inquietante. En *Nachtmahr*, sabemos desde o comezo que Luís, o novelista en crise que protagoniza a obra, está a soñar, e porén dubidamos constantemente dos límites do soño. Como se de Alicia se tratase, o País de Maravillas que percorre Luís é pouco maravilloso e constitúe unha viaxe polos elementos máis tenebrosos do subconsciente. Persecucións, máquinas imposíbeis que parecen tiradas da imaxinación de Magritte, monstros, sexo, todo o que nos dá medo ou que é tabú está neste pesadelo que escribe Raúl Dans e que, sen ningunha dúbida, constituiría sobre os escenarios unha peza ben interesante.

Nachtmahr é unha volta a teimas do autor (a crise creativa, a literatura, a creatividade como modo de vida) mais cunha focaxe diferente do realismo que caracterizaba outras obras de Dans, coma *Lugar* ou *Derrota*. *Nachtmahr* afínase na tradición simbolista do Ibsen de *Peer Gynt*, pero tamén se instala na estrutura dos modernos videoxogos nese sucederse de espazos e situacións nas que a fantasía ten o inquietante ar dunha cotidianidade agresiva e perigosa. Ademais, elementos freudianos como a infancia, as fobias, o sexo e as frustracións aparecen aquí e alá para indagar nos elementos máis misteriosos da memoria. Nesta ocasión, o simbolismo onírico é o ámbito estético en que se instala a obra, e esta non deixa de constituír un paseo narrativo polo soño como espazo creativo, o mesmo soño que se impón como reto unha verosimilitude, que intuímos o segredo da súa posíbel eficacia escénica: malia a intensa ensoñación que é *Nachtmahr*, nada semella imposíbel neste teatro de Raúl Dans; nel,

a teatralidade encóntrase nun fondo dialoxismo que o envolve todo, desde a personalidade confrontada de Luís, o protagonista, ata os seus antagonistas e *alter egos*. Así mesmo, a estrutura teatral é indubidábel, cunha dosificación dos tempos que é posíbel na práctica escénica e cunha medida dos ritmos que conducen á resolución. Por iso, contra o que pasa a miúdo, *Nachtmahr* axústase a iso que os críticos chamamos “representábel” e que é un dos elementos básicos para que os teatros gocen de boa saúde. Trátase, seguramente, dun dos exercicios dramáticos máis arriscados do autor, que ispe o seu teatro de convencións accesorias para quedar cunha teatralidade imprescindible.

A de Raúl Dans é unha das carreiras máis solventes no panorama dramático galego e este *Nachtmahr* corrobóralo. A súa lectura, lonxe de constituír un pesadelo real, deixa en quen le esa estraña atracción que provocan as cousas que se converten en espellos de nós mesmos.

// Inma López Silva